



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



REPSOL
Fundación

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN REPSOL EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

REÚNENSE:

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa de acordo coas facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Don António Calçada de Sá, con NIE X1183650R, na súa calidade de vicepresidente da Fundación Repsol, con domicilio social na c/ Méndez Álvaro, 44 - 28045 Madrid, con CIF número G81251860, que actúa en representación desta, facendo uso do poder outorgado ao seu favor o 17 de xaneiro de 2019 ante o notario de Madrid don Jaime Recarte Casanova, co número 223 do seu protocolo de instrumentos públicos.

Os intervenientes recoñécense mutuamente capacidade suficiente para obrigarse en virtude da formalización deste acordo e

MANIFESTAN:

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas



para o seu fomento e estimular e apoiar as manifestacións culturais realizadas en galego.

2. Que, no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as competencias e funcións en materia e promoción da lingua galega e, para poder actuar en todos os ámbitos sociais, debe colaborar, na medida do posible, coas diversas entidades que actúan dentro da Comunidade Autónoma galega.

3. Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso ás relacións laborais, comerciais e empresariais coa finalidade de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

4. Que o obxecto da Fundación Repsol é o de ser «expresión da vocación de responsabilidade social corporativa do Grupo Repsol e, en particular, do seu compromiso coa mellora sostida das sociedades nas que desenvolve as súas actividades industriais e empresariais», e pode levar a cabo este propósito mediante a persecución de fins de interese xeral de carácter social, cultural, ambiental, así como científico, educativo e de fomento da investigación, os cales poderán ser desenvolto mediante plans ou programas de actuación consistentes en «accións directas da propia Fundación Repsol ou na súa participación ou apoio a programas e accións impulsadas por terceiros».

5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Repsol consideran que unha das mellores maneiras de estimular a galeguización é a de fomentar todo tipo de creatividade en galego e, neste sentido, decidiron colaborar na convocatoria e desenvolvemento do Premio de Narrativa Breve Repsol, cuxas características se describen máis adiante e que viña organizando tradicionalmente a Refinería de Repsol Petróleo, SA na Coruña.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



REPSOL
Fundación

6. Que o contido do proxecto Premio de Narrativa Breve Repsol é coñecido pola Fundación Repsol e encaixa dentro dos fins de carácter social e cultural descritos e nos estatutos da Fundación Repsol.

7. Que o Grupo Repsol, na súa calidade de fundador, ten unha presenza activa en Galicia e especialmente na provincia da Coruña.

Polo exposto, ambas as entidades acordan subscribir o presente acordo de colaboración, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto do acordo

No presente acordo establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Fundación Repsol para organizar conxuntamente a convocatoria e desenvolvemento do Premio de Narrativa Breve Repsol 2022 para escritores en lingua galega.

As bases e condicións de participación da convocatoria deste premio figuran como anexo deste acordo e forman parte integrante del.

Segunda. Obrigas da Fundación Repsol

Mediante a sinatura deste acordo, a Fundación Repsol comprométese a organizar, xestionar e executar todas as actividades que teñan relación co citado premio, tales como elaboración de bases, convocatorias, circulares, documentación, constitución do xurado, organización do acto de presentación e do acto de entrega de premios, facilitándolle ao persoal que interveña na realización e desenvolvemento do premio as infraestruturas e os medios necesarios.

Por outra banda, a Fundación Repsol asume a dotación económica do premio por un importe de **doce mil euros (12.000,00 €)** de acordo como o estipulado nas súas bases.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



REPSOL
Fundación

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

En virtude deste acordo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, comprométese a colaborar coa Fundación Repsol nas seguintes actividades relacionadas co desenvolvemento do premio:

- Na constitución do xurado do premio, que se compondrá de personalidades de recoñecido prestixio no ámbito literario e cultural, preferentemente críticos literarios.
- Na prestación de apoio institucional na organización das actividades que teñan relación co premio, así como na súa entrega.
- Na difusión do premio mediante actuacións informativas e divulgativas, roldas de prensa e na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- En calquera outra que as partes acordasen expresamente.

Cuarta. Asesoramento en materia lingüística

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, prestaralle apoio e asesoramento técnico á Fundación Repsol en relación cos aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades obxecto deste acordo.

Quinta. Normativa aplicable en materia de normalización lingüística

Todas as accións e actividades relacionadas co premio que se realicen en galego ao abeiro deste acordo deberanse levar a cabo segundo o establecido nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Así mesmo, a Fundación Repsol comprométese, no ámbito sinalado no parágrafo anterior, a coidar e respectar a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Este acordo rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables contidas na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e



dos incentivos fiscais ao mecenado, e no Real decreto 1270/2003, do 10 outubro, que contén o seu desenvolvemento regulamentario.

Sexta. Duración e extinción do acordo

Este acordo estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

A extinción deste acordo poderá producirse polas seguintes causas:

- Polo transcurso do período previsto para a súa vixencia
- Por mutuo acordo das partes
- Por desistencia dunha das partes
- Por incumprimento total ou parcial dalgunhas das estipulacións que o regulan
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas
- Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente

Así mesmo, o uso non autorizado ou para un fin distinto ao pactado neste acordo realizado por calquera das partes dos signos distintivos da outra parte que estivesen protexidos por dereitos de propiedade industrial ou intelectual facultará a esta para resolver este acordo, sen prexuízo da correspondente indemnización de danos e perdas a que dese lugar e que, en tal suposto, deberá, así mesmo, ser satisfeita pola devandita parte infractora.

A resolución unilateral, por calquera causa, deberá comunicarse de forma expresa e por escrito á outra parte polo menos cun mes de antelación.

Sétima. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da Fundación Repsol.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



REPSOL
Fundación

Esta comisión coordinará o desenvolvemento do premio e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Oitava. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas/divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas actividades obxecto deste acordo farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das dúas partes e usaranse, cando cumpra, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra e da existencia deste acordo.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade someterá á aprobación previa da Fundación Repsol, antes da súa publicación definitiva, os lugares e características de impresión da súa denominación e logo en todo o material impreso, electrónico e/ou audiovisual que se produza, edite, publique, divulgue ou do que se leve a cabo unha comunicación pública a través de redes telemáticas etc. en relación co proxecto.

Novena. Propiedade intelectual

Ningunha das manifestacións contida neste acordo supón a cesión ou transmisión de calquera dereito de propiedade intelectual ou industrial titularidade dunha parte á outra, con respecto ás actividades previstas no acordo, agás que sexa autorizada a súa utilización que, de ser o caso, se realizará conforme o establecido na normativa xeral prevista no ámbito da propiedade intelectual.

Décima. Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes declaran que, para o desenvolvemento deste convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade non accederá aos datos persoais dos participantes na convocatoria ao Premio de Narrativa Breve Repsol de modo que non se producirá ningunha comunicación de datos persoais por parte da Fundación Repsol á Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. Definicións:



«**Datos persoais**», «**Tratamento**», «**Interesado**», «**Violación da seguridade dos datos persoais**» e «**Pseudonimización**» terán o significado que se lles asigna no artigo 4 do RXPDP.

«**Acordo**»: significa o presente acordo entre a FUNDACIÓN REPSOL e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

«**Datos persoais da Fundación Repsol**»: datos persoais dos que a FUNDACIÓN REPSOL é responsable do tratamento.

«**Dereitos**»: significa os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade dos datos persoais e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas ou outros recoñecidos polas leis de protección de datos.

«**Empregados da Consellería de Cultura, Educación e Universidade**» «**Empregados do encargado do tratamento**»: significa o persoal da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o dos subcontratistas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

«**Encargado do tratamento**»: ademais do significado que se lles asigna no artigo 4 do RXPDP, para os efectos deste documento por encargado do tratamento debe entenderse a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

«**Incidente de seguridade**»: calquera incidente de seguridade que afecte os datos persoais da Fundación Repsol e que constitúa ou poida constituír unha violación da seguridade dos datos persoais.

«**Leis de protección de datos**»: calquera normativa relativa ao tratamento de datos persoais que se lle aplique ao responsable do tratamento, ao encargado do tratamento, a calquera subcontratista deste ou á propia execución do acordo. En particular, e sen carácter excluínente, inclúe (i) o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE –Regulamento xeral de protección de datos (RXPDP)—; (ii) a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; (iii) calquera norma nacional, de calquera país, que regule o tratamento de datos de carácter persoal; (iv) ou calquera norma que modifique, desenvolva ou substitúa as anteriores.

«**Representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade**»: significa tanto a persoa que subscriba o acordo entre a Fundación Repsol e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade como aquelas persoas que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade identificase como contacto.



«**Representantes da Fundación Repsol**»: significa tanto a persoa que subscriba o acordo entre a Fundación Repsol e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en nome e representación da Fundación Repsol como aquelas persoas que a Fundación Repsol identifícase como contacto.

«**Representantes das partes**»: significa tanto a persoa que subscribe o acordo en nome e representación da Fundación Repsol e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade como aquelas persoas que as partes identifícasen como contacto.

Información sobre o tratamento de datos de representantes, persoas de contacto e empregados da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A Fundación Repsol e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade obríganse a informar da política de tratamento de datos persoais incluída no presente documento os representantes das partes e, no caso da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así mesmo, os empregados da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o caso de que se comuniquen os seus datos persoais ao responsable do tratamento.

A Fundación Repsol e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, cada unha na súa condición de responsable do tratamento, informan os representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e os representantes da Fundación Repsol de que os seus datos persoais serán tratados pola Fundación Repsol e pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, respectivamente, coa finalidade de (i) xestionar o mantemento, cumprimento, desenvolvemento, control e execución do disposto no acordo; e (ii) para cumprir coas súas políticas e obrigacións en materia de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo. A base lexítima do tratamento (i) é a execución do acordo e do tratamento (ii) é o interese lexítimo da Fundación Repsol e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, respectivamente.

Fundación Repsol:

Informa os empregados da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aos que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade lles fará chegar esta información, de que os seus datos persoais serán tratados pola FUNDACIÓN REPSOL coa finalidade de xestionar o acordo, controlar o acceso e estancia dos empregados da Consellería de Cultura, Educación e Universidade nas instalacións da Fundación Repsol e, dentro do legalmente permitido, limitar o acceso ás devanditas instalacións, controlar a execución do acordo, confirmar o cumprimento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade das súas obrigas tributarias, laborais e ante a Seguridade Social, xestionar expedientes de accidentalidade nas instalacións da Fundación Repsol, e cantas outras actuacións resulten



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



REPSOL
Fundación

necesarias para a correcta execución do acordo. A base lexítima deste tratamento é a execución do acordo e o interese lexítimo da Fundación Repsol.

Informa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade os representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e os empregados da Consellería de Cultura, Educación e Universidade aos que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade lles fará chegar esta información de que os seus datos persoais poden ser obxecto de tratamento pola Fundación Repsol (i) para os efectos de que a Fundación Repsol poida cumprir cos seus estándares de dilixencia en canto á identificación dos terceiros cos que establece relacións, de ser o caso; e (ii) no curso dunha investigación interna a resultas dunha denuncia formulada a través da canle de ética e cumprimento da Fundación Repsol. A base lexítima de ambos os tratamentos é o interese lexítimo da Fundación Repsol. O detalle deste tratamento (ii) atópase dispoñible na canle de ética e cumprimento en [www.Fundación Repsol.com](http://www.FundaciónRepsol.com). Os datos persoais serán conservados polas partes durante o tempo de vixencia do acordo e, no momento da súa terminación, polo tempo de prescrición das posibles responsabilidades xurídicas de todas as clases. Transcorridos os prazos de prescrición legal, os datos persoais serán destruídos.

Non se lles cederán a terceiros os datos persoais, salvo nos casos nos que a lei así o estableza, aínda que poderán ser accesibles para provedores que lles presten servizos ás partes, para poder cumprir coas finalidades dos tratamentos.

Os representantes das partes e os empregados da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderán exercer os seus dereitos mediante un escrito, acompañado da copia dun documento acreditativo da súa identidade, dirixido á parte que realiza o tratamento ao seu correspondente domicilio social. Así mesmo, se consideran que non se trataron os seus datos persoais de acordo coa normativa de protección de datos, poden contactar co Delegado de Protección de Datos, no caso da Fundación Repsol a través do enderezo protecciondedatos@fundacionrepsol.com, e/ou presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Os datos persoais poden ser obxecto de tratamento en servidores localizados dentro ou fóra da Unión Europea propios da Fundación Repsol ou de terceiros prestadores de servizos da Fundación Repsol. As posibles transferencias internacionais dos datos persoais realizaranse, sempre, de acordo co capítulo V do GDPR.

Pode consultarse información ampliada sobre como a Fundación Repsol trata os datos persoais na política de privacidade en www.fundacionrepsol.com/privacidad.



Décimo primeira. Bo goberno e código de ética e conducta de colaboradores e provedores

As actuacións e colaboracións da Fundación Repsol teñen como base o cumprimento dunha serie de premisas recollidas no seu código de bo goberno (dispoñible para consulta en <http://www.fundacionrepsol.com/es/la-fundacion/codigo-de-buen-gobierno>), coa finalidade dunha maior transparencia e en liña coas mellores prácticas de goberno corporativo para o óptimo desenvolvemento e execución dos seus fins fundacionais. O devandito código de bo goberno ten por obxecto establecer as pautas xerais que deben rexer a conduta da Fundación Repsol, os membros do seu padroado e demais órganos e empregados desta, no desenvolvemento das actividades a través das que se materialicen os fins da Fundación Repsol.

En virtude da propia normativa interna de obrigado cumprimento para a Fundación Repsol, atendendo aos seus propios fins fundacionais e ao espírito do seu código de bo goberno, resulta necesario que calquera proxecto no que colabore a Fundación Repsol estea aliñado cos compromisos e principios recollidos nos devanditos documentos, asumindo como propio a Consellería de Cultura, Educación e Universidade o contido obrigacional da devandita normativa na medida en que lle resulte de aplicación para a correcta execución do proxecto.

Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade deberá respectar e cumprir as disposicións contidas no código de ética e conduta de colaboradores e provedores da Fundación Repsol (dispoñible para consulta en <http://www.fundacionrepsol.com/es/la-fundacion/codigo-etica-conducta-proveedores>), cuxo contido a Consellería de Cultura, Educación e Universidade declara coñecer, na medida en que este lle sexa aplicable a esta parte, atendidas as características particulares do proxecto.

Décimo segunda. Lei aplicable e xurisdición

Este acordo ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste acordo.

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas as partes asinan este acordo, en galego e en castelán, e o seu anexo para un só efecto no lugar e data indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e

Universidade

Román Rodríguez González

O vicepresidente da Fundación

Repsol

Antonio Calçada de Sá



ANEXO

BASES XV PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL

A Fundación Repsol, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, no desexo de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega, convoca a edición anual do Premio de Narrativa Breve Repsol, que se rexerá polas seguintes bases:

1. A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, excepto a persoa gañadora da edición anterior, cunha novela curta escrita en lingua galega, conforme a normativa establecida pola Real Academia Galega.
2. As novelas, que serán orixinais e inéditas en todos os formatos, terán unha extensión non inferior a 50 folios nin superior a 120. Cada folio estará mecanografado a dobre espazo, a razón de entre 28 e 32 liñas, de 60 a 70 caracteres por liña como termo medio no conxunto da novela presentada. Con carácter xeral, a extensión mínima e máxima de cada novela virá determinada polos valores de folios, liñas e caracteres antes explicitados. Os autores deberán facer constar na última páxina anexa o número total de caracteres con espazos do seu orixinal.
3. Presentaranse seis copias encadernadas de cada orixinal. En cada unha das copias figurará o título da novela e o seu lema. Ademais, acompañarase un sobre pechado no que figurará a citado lema e, no seu interior, o nome, enderezo, números de teléfono fixo/móbil do autor ou autora e recensión biográfica recente.
4. As novelas enviaranse antes do 31 de xullo de 2022, facendo constar no sobre Premio de Narrativa Breve Repsol, ao seguinte enderezo:
Refinería Repsol A Coruña
Apartado de correos 700
15080 A Coruña
5. Achegarase aos orixinais, nun sobre pechado, unha declaración xurada asinada polo autor ou autora onde declare a súa autoría sobre a novela, así como a súa orixinalidade. A non inclusión da devandita declaración xunto coa novela será



motivo para que a novela en cuestión sexa excluída automaticamente, se considere non remitida e non presentada, e se destrúa.

6. Establécese un único premio dotado con..... **EUROS (..... €)**. Esta cantidade estará suxeita á retención a conta do IRPF que legalmente corresponda.

7. O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que as novelas presentadas non reúnen a calidade suficiente.

8. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos de explotación da primeira edición en galego de ata un máximo de 1.500 exemplares do texto ganador. Estes dereitos corresponderanlle en exclusiva á Fundación Repsol. A novela premiada será publicada pola Editorial Galaxia segundo o contrato de edición asinado para o efecto nos termos que acorden a Fundación Repsol e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. En todas as edicións que se realicen se fará constar o nome de Premio de Narrativa Breve Repsol 2022.

9. O xurado estará composto por:

- Unha persoa nomeada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Unha persoa nomeada pola Fundación Repsol
- Unha persoa nomeada pola Real Academia Galega
- Unha persoa nomeada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega
- Unha persoa nomeada pola Editorial Galaxia

A decisión do xurado será inapelable e farase pública no mes de setembro do ano 2022.

10. A entrega do premio terá lugar nun acto público que se levará a cabo na cidade da Coruña. Salvo por razóns de forza maior, a persoa gañadora deberá estar presente no acto de entrega do premio.

11. Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os autores ou autoras así o soliciten por escrito, no prazo máximo de dous (2) meses a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren serán destruídos.

12. A participación no Premio de Narrativa Breve Repsol é voluntaria. A continuación atoparás información básica sobre como trataremos os teus datos de carácter persoal polo feito de participar nesta acción:

Responsable	Fundación Repsol, con domicilio en c/ Méndez Álvaro, 44 - 28045 Madrid.
Datos obxecto do tratamento	Todos os datos que nos proporcionas, así como os que deriven da túa participación no premio.
Finalidade	A realización das xestións necesarias para o desenvolvemento do premio, incluída a selección do gañador, a publicación do gañador, o contacto co gañador para a entrega do premio e a posterior entrega do premio a este.
Base lexítima do tratamento	O teu consentimento manifestado, expresamente, ao participar neste premio.
Destinatarios dos datos	Os que resulten necesarios conforme a lei e os provedores de servizo na súa condición de encargados do tratamento, así como á Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
Dereitos da persoa interesada	Acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación ao tratamento, portabilidade e a retirar o consentimento prestado. Podes atopar un maior detalle sobre estes dereitos na información ampliada, dispoñible na política de privacidade en www.fundacionrepsol.com . Poderanse exercer estes dereitos a través dunha comunicación ao domicilio do responsable. Así mesmo, poderás formular, en calquera momento, unha reclamación ante a autoridade de control.
Duración do tratamento	Durante o tempo que dure a acción e, unha vez finalizada, por un período de 6 anos.
Transferencias internacionais	As que resulten da nosa relación con provedores de servizos, coas garantías dispostas na política de privacidade dispoñible en www.fundacionrepsol.com .
Información adicional	Podes consultar información ampliada sobre como tratamos os teus datos na política de privacidade dispoñible en www.fundacionrepsol.com .

13. A participación no premio supón que o participante gañador autoriza expresamente que a Fundación Repsol poida facer difusión, en calquera medio de comunicación interno e/ou externo que estime oportuno, así como nas redes sociais nas que se desenvolva o premio, dos seus datos persoais consistentes no seu nome e apelidos coa exclusiva finalidade de divulgar o premio. Todo iso dentro da política



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



REPSOL
Fundación

de transparencia á que se atopa comprometida a Fundación Repsol e mesmo antes de que se produza a aceptación formal do premio ou no suposto de confirmarse que o participante non cumpre co resto de condicións impostas nas bases e perdese, consecuentemente, o dereito ao premio. A difusión e/ou publicación do seu nome como ganador non xerará ningún dereito ao seu favor para a adxudicación do premio se o participante non cumpre co resto de condicións recollidas nas bases, así que perderá o dereito ao premio, a pesar de calquera publicación.

14. O autor ou autora premiado comprométese a cederlle os dereitos de explotación da súa novela á Fundación Repsol de forma inmediata tras ser premiado e, en exclusiva, con alcance territorial delimitado a España e por unha duración de cinco (5) anos coa finalidade de facela accesible ao público. O autor sempre será recoñecido como autor da novela; este é un dereito irrenunciable e intransmisible.

Especificamente a cesión dos dereitos de explotación a favor da Fundación Repsol incluírá os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública da novela en calquera formato existente, así como a través de todos os medios de comunicación en liña ou fóra de liña que sexan necesarios para a correcta promoción da novela.

15. Nos aspectos non establecidos nestas bases ou naqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, a decisión corresponderalles ás entidades organizadoras, as cales, unha vez consultados os membros do xurado, emitirán un ditame que será inapelable.

16. A participación na convocatoria do Premio Narrativa Breve Repsol 2022 implica a aceptación destas bases.

